

Pontevedra: 1º Maio - Xornadas libertarias e Manifestación



**SOLIDARIEDADE
e APOIO MUTUO**

Xornadas Libertarias Abril - Maio 2021

EXPOSICIÓN - XUNTANZAS - COLOQUIO - PROXECCIÓN

MARTES, 27 Abril
Mesa redonda e coloquio: **"Contra a precariedade e o abuso"**
Compañeiras de Excel, Atento e Teleperformance CGT-A Coruña

MÉRCORES, 28 Abril
Charla-coloquio: **"Apoio mutuo, como factor da evolución"**
Ateneo Libertario - Clube de Lectura


XOVES, 29 Abril
Foro de cine: **"I compagni"** de Mario Monicelli
Coloquio

VENRES, 30 Abril
Razón e historia do 1º de Maio (1886 – 2021)
Presentación **"El Crimen de Chicago"**, de Ricardo Mella.

1º MAIO
MANIFESTACIÓN
13:00H (diante do Hospital Provincial)

Permanecerá aberta a Exposición 100 anos de Piotr Kropotkin
Todos os actos, ás 20:00h.
Días 27, 29 e 30 na Sala VerSus (r/ Xerardo Limeses, nº 12)
día 28 en r/ Pasantería, 1, 3ª Planta.

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO
Sindicato Único de Traballadores "Solidaridad Obrera"
r/ Pasantería, 1-3ª Pontevedra. pontevedra@cgtagalicia.org t. 628685445



CGT, 1º DE MAIO 2021

Xornadas Libertarias (27 - 30 abril) e Manifestación (1 Maio)

A CGT invita a todos os entes, colectivos e militantes do movemento social reivindicativo e solidario de Pontevedra, a acudir e participar nos actos organizados pola CGT de Pontevedra, con motivo do 1º de Maio nesta cidade, baixo o lema:

¡Solidariedade e Apoio mutuo! ¿?! A loita continúa **XORNADAS LIBERTARIAS - ABRIL 2021** **Martes, 27 abril, 20,00h**, na **Sala VerSus** (c/ Gerardo Álvarez Limeses, nº 12): mesa redonda e charla-coloquio: "Contra a precariedade e o abuso laboral".

Participan: traballadoras de Execl, Atento e Teleperformance de CGT-A Couña

Mércoles, 28 abril, 20,00h, na **sede do Ateneo Libertario** (r/ Pasantería, 1, 3º andar)): Charla-coloquio: "Apoio mutuo, como factor da evolución", polo Ateneo Libertario de Pontevedra - Clube de lectura

Xoves, 29 abril, 20:00h, na **Sala VerSus** (c/ Gerardo Álvarez Limeses, nº 12): Foro de cine: "I Compagni", de Mario Monicelli. Coloquio.

Venres, 30 abril, 20:00h, na **Sala VerSus** (c/ Gerardo Álvarez Limeses, nº 12): Charla-coloquio: Razón e historia do 1º de Maio (1886 - 2021). Presentación de "El crimen de Chicago", de Ricardo Mella. Ponente: Miguel Ángel Cuña

A **Exposición**, gráfica e documental "100 anos de Kropotkin", organizada polo Ateneo Libertario, continúa exposta na Sala VerSus, de 18:00h a 21:00h., de martes a venres, ámbolos dous inclusive.

CHAMAMENTO

MANIFESTACIÓN do 1º DE MAIO 2021

(saída da r/ **Loureiro Crespo, 1** (frente ó Hospital), ás **13:00h**)

¡SOLIDARIEDADE E APOIO MUTUO! Porque reivindicamos traballo:

Loitemos xuntos, todos e todas unidos, contra o paro, a precariedade e a exclusión social

Porque defendemos os servizos públicos e o disfrute colectivo dos bens e da riqueza socialmente construídos:

Loitemos xuntos, todos unidos, contra os recortes, o desmantelamento e a privatización dos servizos públicos e servizos sociais básicos; Defendamos a Sanidade Pública, o Ensino Público, o Sistema Público de Pensións.

Porque o noso ben máis preciado é a liberdade e as nosas reivindicacións máis profundas son a igualdade e a solidariedade:

Loitemos xuntos, todos unidos, asambleariamente, sin xefaturas nin burocracias, de abaixo arriba, contra toda brecha, fractura, privilexio, discriminación ou subordinación dunhas persoas a outras.

Porque consideramos que TODAS e cada UNHA das loitas -sanidade, pensións, condicións de traballo e salariais, mordazas, paro, precariedade, discriminación?!- son soio diferentes aspectos de UNHA e a MISMA loita:

¡Participemos neste 1º de Maio 2021 en Pontevedra!

CGT Pontevedra - Comité Local